

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS LIMITES DE RUIDOS E VIBRACIONES

TITULO I DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 1º.- A presente Ordenanza regula as actuacións do Concello e as obrigacións dos seus habitantes, dentro do termo municipal de Caldas de Reis, orientadas a evitar as perturbacións que se poidan ocasionar por produción de ruídos ou vibracións que causen molestias ou resulten perigosos.

Artigo 2º.- Quedan sometidas ás súas prescricións, de obrigatoria observancia dentro do termo municipal, tódalas instalacións, aparatos, actividades, construcións, obras, vehículos, medios de transporte e, en xeral, tódolos elementos, actividades e comportamentos que produzan ruídos ou vibracións que ocasionen molestias e/ou perigosidade ó vecindario.

Artigo 3º.- Corresponderá á Alcaldía, ou, no seu caso, á Comisión de Goberno ou ó Pleno da Corporación, esixir, de oficio, ou a instancia de parte, a adopción das medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, ordenar cantas inspeccións sexan precisas, instalar instrumentos permanentes de control de son nas actividades suxeitas a esta Ordenanza e aplicar as sancións correspondentes no caso de incumprirse o ordenado.

Artigo 4º.- As normas da presente Ordenanza son de obrigatorio e directo cumprimento, sen necesidade dun previo acto ou requirimento de suxeición individual, para toda actividade que se encontre en funcionamento, exercicio ou uso, e comporte a produción de ruídos e/ou vibracións molestos ou perigosos.

Como Normas Complementarias, a esta Ordenanza Municipal, teremos en conta a Lei 7/97, da Xunta de Galicia, e a súa regulamentación, a NBE-CA-88, as vixentes Normas Subsidiarias Municipais, e calquera outra normativa de ámbito supramunicipal que afecte ó obxecto desta Ordenanza.

As expresadas normas serán orixinariamente esixibles a través dos correspondentes sistemas de licencias ou autorizacións, obras na vía pública, ou instalacións industriais, comerciais e de servizos, así como para a súa ampliación, reforma e demolición, que se proxecten, executen ou realicen a partir da vixencia desta Ordenanza.

Artigo 5º.- Non se outorgará licencia de apertura de establecementos, instalacións ou actividades sometidos ó disposto na presente Ordenanza, se os Proxectos presentados polos interesados non se axustasen ó disposto nela.

Non se poderán iniciar as actividades ou poñer en funcionamento as instalacións, en tanto que non estea comprobado polos órganos inspectores, ou mediante certificación expedida polo Técnico Director das obras ou instalacións ou por empresas ou entidades homologadas, que se cumpre a normativa sobre contaminación acústica.

Nas licencias de apertura, e nas declaracións de incidencia ambiental, deberá sinalarse as medidas correctoras e os controis que deberán cumprir as actividades e instalacións indicándose expresamente que o incumprimento destas pode dar lugar á revogación daquelas licencias ou autorizacións.

Para o mellor control dos límites sonoros establecidos nesta Ordenanza, o Concello poderá colocar, ou esixir a colocación de aparellos de control permanente da emisión fónica, que incluso provoquen a interrupción da emisión cando supere os límites establecidos.

Unha vez iniciada a actividade, ou postas en funcionamento as instalacións, tamén poderá realizarse inspección para comprobar que as actividades e instalacións cumpren a normativa. Como consecuencia destas, poderá incoarse os correspondentes procedementos sancionadores ou ben acordar medidas correctoras ou de control.

As comprobacións ás que se refire esta Ordenanza, rexeranse así mesmo polo disposto na lexislación ambiental de Galicia.

Tódalas obras, instalacións, ou actividades que, de conformidade co disposto na normativa estatal básica sobre a materia, e na Lei de Protección Ambiental de Galicia estean sometidas a un

procedemento de avaliación de impacto ambiental ou de avaliación de efectos ambientais, deberán conter un estudio acreditativo do seu impacto acústico. Na declaración que se dicte, que terá carácter vinculante, deberán impoñerse as medidas correctoras precisas.

TITULO II NIVEIS DE PERTURBACIONES POR RUIDOS E VIBRACIONES

Artigo 6º.- As actividades que produzan unha perturbación por ruidos ou vibracións, deberán someterse ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental, regulado pola Normativa Autonómica.

A tal efecto, en tódolos proxectos de obras ou instalacións industriais, comerciais, e/ou de servizos, que poidan provocar ruidos ou vibracións, achegarase un estudio xustificativo do cumprimento das medidas establecidas nesta Ordenanza, axustándose, en todo caso, á citada normativa autonómica.

Artigo 7º.- A intervención municipal tenderá a conseguir, respecto ás perturbacións por ruidos e vibracións, que non excedan dos límites que se indican, e ós que se fai referencia neste título.

Os ruidos mediranse mediante sonómetros, instrumentos deseñados e construídos para responder ó son, de forma similar a como reacciona o oído humano, podendo obterse medidas obxectivas reproducibles do nivel de presión sonora, tales aparellos se axustarán ás prescricións técnicas definidas no artigo 3 do Anexo á Lei de protección contra contaminación acústica.

A valoración dos niveis de ruído rexirase polas seguintes Normas:

Primeira.- A medición levarse a cabo na situación onde as molestias sexan máis acusadas.

Segunda.- A medición levarase a cabo nas seguintes condicións:

- a) As medidas no exterior, realizaranse entre 1,2 e 1,5 mts. Sobre o chan e, se é posible, polo menos a 3,5 mts., das paredes, edificios ou calquera superficie reflectante. Cando as circunstancias o requiriran, poderán facerse as medidas a maiores alturas ou menor distancia das paredes, sempre que iso se especifique e se teña en conta na valoración.
- b) As medidas no interior realizaranse polo menos a un metro de distancia das paredes, entre 1,2 e 1,5 mts. sobre o chan e aproximadamente a 1,5 mts. das fiestras.

Para reducir o efecto das perturbacións, debidas ás ondas estacionarias efectuaranse, cando menos, tres lecturas do nivel sonoro en posicións que estean a unha distancia de 0,5 metros da posición inicial. A medida aritmética das lecturas determinará o valor da medida.

Terceira.- En previsión dos posibles erros de medición cando esta requira unha especial precisión, ou se así o solicitase o interesado, adoptaranse as seguintes precaucións:

- a) Contra o efecto da pantalla: O observador situarase no plano normal ó eixe do micrófono e o máis separado posible do mesmo, que sexa compatible coa lectura da escala sen erro de paralelaxe.
- b) Contra a distorsión direccional: Situado na estación o aparato, xirarase no interior do ángulo sólido determinado por unha octante e fixarase na posición de xeito que a lectura sexa equidistante dos valores externos así obtidos.
- c) Contra o efecto do vento: Cando se estime que a velocidade do vento resulte superior a 0,8m/seg., emprazarse unha pantalla contra o vento. Para velocidades superiores a 1,7 m/seg., desistirse da medición, salvo que se empreguen aparatos especiais.

Artigo 8º.- Ó medio ambiente exterior, con excepción dos ruidos procedentes do tráfico, que se regulan no Título IV, non se poderá transmitir ningún ruído que sobrepare os niveis que se indican no cadro.

Así mesmo, os valores de recepción de ruidos no ambiente interior non poderán sobrepare-los límites que tamén se indican no seguinte cadro:

ZONAS	HORAS	Db (A)	
		Exterior	Interior
Alta sensibilidade: Sanitaria, docente, Cultural, espacios protexidos.	8 a 22	60	30
	22 a 8	50	25
Moderada sensibilidade: Vivendas, oficinas, Hoteis, e todo tipo de uso.	8 a 22	65	35
	22 a 8	55	30
Restaurantes, bares, locais ou centros Comerciais, industriais compatibles con vivenda	8 a 22	70	40
	22 a 8	60	35
Uso industrial e zona de servidume	8 a 22	65	35
	22 a 8	55	30

As diferentes zonas estarán limitadas polas áreas indicadas nos Planos de Zonificación e usos da Normativa Urbanística Municipal.

En tódalas zonas a transmisión fónica a patios de luces e espacios similares reducirase en 5 dB (A).

Por razón da organización de actos con especial proxección oficial, cultural, relixiosa ou de natureza análoga, o Concello poderá adoptar as medidas necesarias para reducir, con carácter temporal, en determinadas vías ou sectores do núcleo urbano, os niveis sinalados nos parágrafos precedentes.

Nos días festivos non se sobrepondrán os niveis de ruídos indicados para cada zona en horas nocturnas, excepto para aquelas industrias e zonas comerciais que en virtude da súa propia actividade, así o soliciten e lles sexa concedida polo Concello.

Cando se mida o nivel de ruído constante nun lugar representativo, en ausencia doutros ruídos parásitos, os valores obtidos serán susceptibles de corrección, en base ás características do ruído, da forma seguinte:

- a) Se se presenta unha nota distinguible definida (asubíos, siseos, zumbidos, etc) engadir 5 dB (A).
- b) Se houber irregularidades significativas impulsivas (golpes metálicos, etc) engadir 5 Db (A).
- c) Se o ruído é intermitente, aplicarase unha corrección posterior dependendo do tempo que dure, expresado como unha porcentaxe do período que se considere.

Os niveis de ruído corrixidos son, polo tanto, a suma dos niveis medios e as correccións mencionadas.

Se os niveis de ruído corrixidos, medidos no lugar da emisión, sobrepasan en 5 Db (A), o criterio corrixido, adoptado para a zona, débese considerar que o medio ambiente atópase perturbado.

Artigo 9º.- No ambiente exterior dos recintos prohibese:

- a) A produción e transmisión de ruídos que sobrepasen os límites que se sinalan no Título III.
- b) A transmisión ó exterior de ruídos que rebasen os establecidos no artigo precedente.

Artigo 10º.- Os valores máximos tolerables de produción de vibracións, serán os seguintes:

- Na zona de máxima proximidade ó elemento xerador de vibracións, 30 pals.
- No límite do recinto no que se atope ubicado o xerador de vibracións, 17 pals.
- Fóra de aqueles locais e na vía pública, 5 pals.

(Valor – 1 Pals % 10 log., 3200 A2 N3), sendo “A” a amplitude en centímetros, e “N” a frecuencia en Hertzios.

Os valores de recepción de vibracións no ambiente interior, son os que se recollen no parágrafo 4) do artigo 8 do Anexo á Lei de Protección contra a contaminación acústica (Lei 7/97, de 11 de agosto).

TITULO III
CONSTRUCCIONS, OBRAS NAS VIAS
PUBLICAS, ESTABLECEMENTOS
INDUSTRIAIS, COMERCIAIS E DE SERVICIOS

Artigo 11º.- A efecto dos límites fixados no artigo 6 sobre protección do ambiente exterior, teranse en conta as seguintes prescricións:

Primeira.- En tódalas edificacións, a solución constructiva dos cerramentos exteriores (dotadas ou non de illamento acústico) proporcionará unha atenuación global mínima para os ruídos aéreos de 30 dB (A), no intervalo de frecuencias comprendidas entre 100 e 3150 Hz; a excepción da cuberta que poderá ser de 45 dB (A).

En calquera caso esixirase o cumprimento do disposto na vixente NBE-CA-88, en tanto non se opoña ó disposto na presente Ordenanza e na Lei 7/97, da Xunta de Galicia.

Segunda.- Os elementos constructivos e de insonorización e os recintos en que se aloxen actividades e instalacións, industriais, comerciais e de servicios, deberán posuír capacidade suficiente para a atenuación acústica do exceso de intensidade sonora que se orixine no interior dos mesmos, e incluso, se fose necesario dispoñer de sistemas de aireación inducida ou forzada que permitan o peche dos ocos e fiestras existentes ou proxectadas. En calquera caso, as discotecas, salas de festa ou baile e cafeterías, bares, restaurantes, etc, que dispoñan de equipos de música ambiental ou aparatos de música de utilización pública, deberán dotarse dun sistema eficaz de insonorización en paramentos e teitos.

Terceira.- Os aparatos elevadores, as instalacións de acondicionamento de aire e torres de refrixeración, a distribución, depuradoras de auga, a transformación de enerxía eléctrica, instalacións de calefacción e demais servicios dos edificios, serán instalados coas precaucións de ubicación e illamento que garanticen un nivel de transmisión sonora non superior ós límites fixados na presente Ordenanza.

Carta.- Nas obras e traballos de construción, modificación, reparación ou derrube de edificios, así como nos que se realicen na vía pública, adoptaranse as medidas oportunas para evitar que os ruídos emitidos excedan dos niveis acústicos fixados.

Quinta.- O Concello poderá escusar a precedente prescrición nas obras de declarada urxencia, e naquelas outras nas que a demora na súa realización puidese comportar perigo de fundimento, corremento, inundación, explosión ou risco de natureza análoga. Nestes casos, atendidas as circunstancias concorrentes poderase autorizar o emprego de maquinaria e a realización de operacións que conleven unha emisión de nivel sonoro superior ó sistema de uso, ó horario de traballo e á necesaria protección persoal dos operarios.

Artigo 12º.- Con relación ós límites fixados sobre protección de ambiente interior dos recintos, observaranse as seguintes normas:

Primeira.- En tódalas edificacións, os cerramentos exteriores axustaranse ó disposto na prescrición primeira do artigo anterior; non obstante, nos casos en que a edificación se fose a realizar nun sector afectado polos ruídos, tales como os procedentes dos trens, estacións de autobuses ou similares, o illamento acústico esixido poderá aumentar se se considera imprescindible para atenuar os efectos de importantes agresións acústicas, chegando, en casos extremos, a prohibirse determinados usos do chan.

Segunda.- O illamento acústico mínimo de ruído aéreo (R en dBA) esixibles para os elementos constructivos verticais e horizontais, así como o nivel de ruído de impacto no espazo subxacente dos elementos constructivos horizontais (LN), serán os indicados pola NBE-CA-88, e que se indican no seguinte cadro:

ILLAMENTO ACUSTICO A
ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS VERTICAIS RUIDO AEREO (R) EN dB (A)

Particións interiores Entre áreas de igual uso	maior ou igual a 30	
Particións interiores Entre áreas de distinto uso	maior ou igual a 35	
Paredes separadoras de propiedades ou usuarios distintos	maior ou igual a 45	
Paredes separadoras de zonas Comúns interiores	maior ou igual a 45	
Paredes separadoras de salas de máquinas.	maior ou igual a 55	
ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS VERTICAIS	ILLAMENTO ACÚSTICO GLOBAL A RUÍDO AEREO (ag) EN dB(A)	
Fachadas	maior ou igual a 30	
ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS HORIZONTAIS	ILLAMENTO ACÚSTICO A RUIDO AEREO (R) EN dB(A)	NIVEL RUIDO IMPACTO (Ln) en dB (A)
Elementos horizontais de separación	maior ou igual a 45	menor ou igual a 80
Cuberta	maior ou igual a 45	menor ou igual a 80
Elementos horizontais separadores de salas de máquinas.	maior ou igual a 55	

Terceira.- Os aparatos elevadores e demais elementos que se mencionan na prescripción terceira do artigo anterior serán instalados, coas precaucións de ubicación e illamento que garanticen un nivel de transmisión sonora non superior a 30 dB (A) ata o interior de edificación.

Carta.- As máquinas, aparatos ou manipulacións xeradores de ruídos de nivel superior a 90 dB (A), que puidesen instalarse ou realizarse en edificios fabriles, situaranse en locais illados dos restantes lugares de permanencia de persoal, de forma que neles non se sobrepare o límite de 90 dB (A). Os operarios encargados do manexo de ditos elementos, estarán provistos de medios de protección persoal que garanticen a súa seguridade e saúde.

Quinta.- Para a axeitada e eficaz defensa dos veciños ante actividades de probado e manifesto carácter molesto, prohíbese a instalación e funcionamento de salas de festa, salas de baile e calesquera outros establecementos que posúan equipos musicais, cando o seu nivel de emisión sonora sexa igual ou superior a 90 dB (A), en inmobles destinados a vivendas. En consecuencia só se concederán licencias para o exercicio de tales actividades cando aquelas se proxecten realizar en edificacións illadas e acondicionadas para tal fin, ausentes de veciños, e sempre que non dea lugar a cambio de destino ou de uso, en relación co recollido no proxecto, conforme o que se concedeu a licenza de obra nova.

Artigo 13º.- Para correxir a transmisión de vibracións deberán terse en conta as seguintes regras:

Primeira.- Todo aparato con elementos móbiles manterase en perfecto estado de conservación, principalmente no que se refire ó seu equilibrio dinámico e estático, así como á suavidade de marcha dos seus coxinetes ou camiños de rodadura.

Segunda.- Non se permite a ancoraxe de maquinaria e dos soportes da mesma, ou calquera elemento móbil nas paredes medianeiras, teitos ou forxados de separación entre locais de calquera clase ou actividade, así como nos elementos da estrutura da edificación.

Terceira.- A ancoraxe de toda maquinaria e órgano móbil, en solos ou estruturas non medianeiras nin directamente conectadas cos elementos constructivos da edificación, dispoñerase, en todo caso, interpoñendo dispositivos antivibratorios adecuados, e, se fose necesario, de fundacións especiais.

Carta.- As máquinas de arranque violento, as que traballen por golpes ou choques bruscos, e as dotadas de órganos con movemento alternativo, deberán estar ancoradas en bancadas independentes,

sobre chan firme e illadas igualmente da estrutura da edificación e do chan do local por intermedio de materiais ou dispositivos absorbentes da vibración.

Quinta.- Tódalas máquinas situaranse de forma que as súas partes máis saíntes ó final da carreira de desprazamento queden a distancia mínima de 0,70 mts. dos muros perimetrais e forxados, debendo elevarse a un metro esta distancia cando se trate de elementos medianeiros.

Sexta.- Os conductos polos que circulen fluídos líquidos ou gaseosos, en forma forzada, conectados directamente con máquinas que teñan órganos en movemento, dispoñerán de dispositivos de separación que impidan a transmisión das vibracións xerada en tales máquinas. As bridas e soportes do conductor terán elementos antivibratorios.

As aberturas dos valos para o paso das conduccións rechearanse con materias absorbentes da vibración.

Sétima.- Nos circuitos da auga coidarase que non se presente o “golpe de ariete” e as seccións das válvulas e grifería haberán de ser tales que o fluído circule por elas en réxime normal para os gastos nominais, debendo introducirse nas instalacións, se fose necesario, dispositivos especiais para evitar ruídos e vibracións das tubarías. En todo caso, estas instalacións executaranse de conformidade co disposto no Regulamento de Abastecemento de Augas, no seu caso.

Artigo 14º.- A valoración dos niveis de sonoridade que establece a Ordenanza, regularanse polas seguintes Normas:

Primeira.- A medición levarase a cabo, tanto para os ruídos emitidos como para os transmitidos, no lugar no que o seu valor sexa o máis alto, e se fose preciso, nun lugar máis axeitado.

Segunda.- Os donos, posuidores e encargados dos xeradores de ruídos, facilitarán ós funcionarios municipais habilitados para tarefas de inspección o acceso ás súas instalacións ou focos xeradores de ruídos; disporán o seu funcionamento a distintas velocidades, cargas ou marcha, segundo se lle indique por ditos funcionarios, podendo presenciar o proceso operativo, se así o desexasen. Estes funcionarios, no exercicio das funcións contempladas pola presente Ordenanza, gozarán da condición de Axentes da Autoridade.

Artigo 15º.- Regulación do ruído para actividades varias:

1.- Con carácter xeral, non se permitirá o emprego de ningún dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou espaxamento.

Esta prohibición non rexeirá nos casos de alarma, urxencia ou especial significación cidadá, determinada polo Concello.

2.- Nos traballos realizados tanto na vía pública como na edificación, non se autorizará o emprego de maquinaria que teña un nivel de misión externo (NEE) superior a 90 dBA.

3.- Os traballos realizados, tanto na vía pública como na edificación, non poderán realizarse entre as 22 horas e as 08 horas do día seguinte, se producen niveis sonoros superiores ós establecidos con carácter xeral.

4.- Exceptúanse da prohibición anterior as obras urxentes as que se realicen por razóns de necesidade ou perigo, e aquelas que polos seus inconvenientes non poidan levarse a cabo durante o día. O traballo nocturno deberá ser expresamente autorizado polo Concello, que determinará os límites sonoros que deberá cumprirse en función das circunstancias que concorran en cada caso, sen prexuízo do establecido na lexislación laboral.

5.- Cando o anormal funcionamento dun sistema de alarma lle produza molestias á veciñanza, e non sexa posible localiza-lo responsable ou titular da dita instalación, o órgano municipal competente, procederá a desmontar e retirar-lo sistema de alarma.

6.- Calquera outra actividade que implique unha perturbación por ruídos da veciñanza, entenderase incurso no réxime sancionador.

Artigo 16º.- A tenencia de animais domésticos obrigará á adopción das precaucións necesarias para evitar molestias ó vecindario.

Calquera outra actividade ou comportamento singular ou colectivo, non comprendido nos artigos precedentes, que conleven unha perturbación polos ruídos e vibracións para o vecindario, que sexa evitable coa observancia dunha conducta cívica normal, entenderase incurso no réxime sancionador desta Ordenanza, se non se adoptasen as medidas necesarias conducentes a evitar dita perturbación.

TITULO IV VEHICULOS A MOTOR

Artigo 17º.- Todo vehículo de tracción mecánica deberá ter en boas condicións de funcionamento o motor, a transmisión, carrocería e demais órganos do mesmo capaces de producir ruídos e vibracións, e, especialmente, o dispositivo silenciador dos gases de escape, co fin de que o nivel sonoro emitido polo vehículo ó circular, ou co motor en marcha, non exceda dos límites que establece a presente Ordenanza.

Artigo 18º.- Prohíbese a circulación de vehículos a motor co chamado escape libre, ou con silenciadores non eficaces, incompletos, inadecuados, deteriorados ou con tubos resonadores.

Igualmente prohíbese a circulación de dita clase de vehículos cando por exceso de carga produzan ruídos superiores ós fixados por esta Ordenanza.

Artigo 19º.- Queda prohibido o uso de bocinas ou calquera outro sinal acústico, dentro do casco urbano, salvo nos casos de inminente perigo de atropelo ou colisión, ou cando se trate de servicios públicos de urxencia (policía, servicio contra incendios, asistencia sanitaria, etc.), ou de servicios privados para o auxilio urxente de persoas ou da apremiante defensa de bens.

Artigo 20º.- A carga, descarga e transporte de materiais de camións deberá facerse de maneira que o ruído producido non resulte molesto.

O persoal dos vehículos de reparto deberá cargar e descargar as mercancías sen producir impactos directos sobre o chan do vehículo ou do pavimento, e evitará o ruído producido polo desprazamento ou trepidación de carga durante o percorrido.

Artigo 21º.- Os límites superiores admisibles para os ruídos emitidos polos distintos vehículos a motor, e de acordo co disposto polos artigos 3 e 6.2) do Decreto 1439/72, de 25 de maio, serán, para ciclomotores e vehículos automóbiles de cilindrada non superior a 50 cc., os seguintes:

Para vehículos de dúas rodas: 80 dB (A)..

Para vehículos de tres rodas : 82 dB (A).

Para o resto dos vehículos automóbiles, con cilindrada superior a 50 cc., os límites serán os establecidos no anexo 4 do Regulamento número 9 sobre prescripcións uniformes relativas á homologación do vehículo no que se refire o ruído, publicado no “Boletín Oficial do Estado” de 23 de novembro de 1.974.

Nos casos en que se afecte notoriamente á tranquilidade da poboación, poderanse sinalar zonas ou vías nas que algunha clase de vehículos a motor non poidan circular a determinadas horas da noite.

Prohíbese producir ruídos innecesarios debidos a un mal uso ou condución violenta do vehículo, aínda que estean dentro dos límites máximos admisibles.

Artigo 22º.- Para o recoñecemento dos vehículos a motor atenderase as normas seguintes:

- a) Para os ciclomotores o método de medida do ruído será o mesmo que se estableza no apartado seguinte, se ben a velocidade de paso ante o sonómetro será de 30 Km/hora.
- b) Para o resto dos vehículos automóbiles, o método de medida do ruído será o establecido no anexo 3 do precitado Regulamento número 9.

TITULO V REXIME XURIDICO

Artigo 23º.- O persoal dos Servicios Técnicos Municipais e os Axentes da Policía Local, no que é a súa competencia, poderán realizar en todo momento cantas inspeccións estimen pertinentes para asegurar o cumprimento da presente Ordenanza, debendo cursar obrigatoriamente as denuncias que

resulten procedentes.

Artigo 24º.- Os Axentes da Policía Local deterán a todo vehículo que, ó seu xuízo, rebase os límites sonoros máximos autorizados, e formularán a pertinente denuncia ó propietario, na que se expresará a obrigación de presenta-lo vehículo nas estacións de comprobación de ruídos que lles sexan indicadas. De non presentarse o vehículo a recoñecemento no prazo dos dez días naturais seguintes, presumirase a conformidade do titular cos feitos denunciados.

Artigo 25º.- Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar ante o Alcalde o anormal funcionamento de calquera actividade, instalación ou vehículo afectado pola presente Ordenanza. De resultar temerariamente inustificada a denuncia, serán de cargo do denunciante os gastos que orixine a inspección. En caso de comprobarse a mala fe imponse a sanción correspondente.

Artigo 26º.- A denuncia, que deberá estar datada e asinada polo denunciante, reunirá os seguintes requisitos:

- a) Cando se trate de denuncias referentes a ruídos producidos polos vehículos a motor, sexan aqueles de carácter voluntario ou obrigatorio, consignarase nas mesmas, ademais do número de matrícula e tipo de vehículo co que se houbese cometido a suposta infracción, o nome e apelidos do propietario ou conductor, o número de D.N.I., domicilio do denunciado, se fose coñecido, así como unha relación de circunstancias de feito, con expresión do lugar, data e hora en que fose apreciada a suposta infracción, sinalándose a continuación, no caso de denuncia voluntaria, o nome e apelidos, número de D.N.I. do denunciante e das testemuñas que puidesen confirma-los feitos.
- b) Nos demais casos indícarase o nome, apelidos, número de D.N.I., e domicilio do denunciante, emprazamento, clase e titular da actividade denunciada, sucinta relación das molestias orixinadas e súplica concretando a petición que se formula.
- c) A denuncia presentarase no Rexistro Xeral do Concello ou naqueles lugares ós que se refire o artigo 38 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Artigo 27º.- Recibida a denuncia seguirase o expediente coa práctica das inspeccións e comprobacións que se especifican nos artigos precedentes, e coa adopción, no seu caso, das medidas cautelares necesarias, ata a resolución final do expediente, que será notificada en forma ós interesados.

Artigo 28º.- No caso de recoñecida urxencia, cando a intensidade dos ruídos e vibracións resulte altamente perturbadora, ou cando os mesmos sobreveñan ocasionalmente, ben por uso abusivo das instalacións ou aparatos, ben por deterioro ou deficiente funcionamento destes, ou por calquera outro motivo que altere gravemente a tranquilidade ou seguridade do vecindario, a denuncia poderá formularse directamente ante o servizo de garda da Policía Local, persoándose ante o mesmo ou comunicando os feitos telefónicamente.

Este servizo xirará visita de inspección inmediata, adoptará as medidas de emerxencia que o caso requira e enviará as actuacións ó servizo correspondente, se procedese, para iniciación ou continuación do expediente.

Artigo 29º.- Das actas de inspección.

As visitas de inspección realizaranse tendo en conta as características do ruído e das vibracións, e para tal fin, as medicións relativas a ruído obxectivo realizaranse logo de citación ó responsable do foco ruidoso, e as medicións relativas a ruído subxectivo poderán practicarse sen o coñecemento do titular, sen prexuízo de que neste caso poida ofrecérselle ó responsable do foco ruidoso unha nova medición na súa presenza para o seu coñecemento. En todo caso, concluídas as medicións, entregaráselles ós interesados unha copia do resultado destas. As actas emitidas polos órganos competentes gozarán de presunción de veracidade, en canto ós feitos contidos nelas e constitúen proba suficiente para os efectos do correspondente procedemento sancionador. Tal presunción esténdese ás medicións realizadas con instrumentos que reúnan os requisitos regulamentariamente establecidos. En tales medicións, tanto a autoridade competente coma o responsable sobre o que recaía a inspección, poderán solicitar a asistencia de empresas ou entidades debidamente homologadas, de acordo co que se dispoña nos Regulamentos de desenvolvemento da Lei 7/97.

Para efectua-las medicións, o Concello dispoñerá do aparello sonómetro que se describe no artigo 7º da presente Ordenanza.

TITULO VI

DAS INFRACCIONS E SANCIONS

Artigo 30º.- Clasificación de infraccións e sancións.

Consideraranse infraccións administrativas, as accións ou omisións que contraveñan as disposicións desta Ordenanza.- As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves, de conformidade coa tipificación contida nos artigos seguintes.

Artigo 31º.- Faltas leves.

Constitúe falta leve:

- a) A superación dos límites admitidos ata 5 dB (A).
- b) A transmisión de niveis de vibración correspondentes á curva base inmediatamente superior á máxima admitida para cada situación.
- c) Calquera outra infracción das normas desta Ordenanza, non cualificada expresamente como falta grave ou moi grave.
- d) A realización de actividades non permitidas polo artigo 15 desta Ordenanza.
- e) A circulación de vehículos de motor co escape libre ou con silenciadores ineficaces, incompletos, inadecuados ou deteriorados.
- f) A non presentación dos vehículos ás inspeccións procedentes.

Artigo 32º.- Faltas graves.

Constitúe falta grave:

- a) A superación en máis de 5 dB (A) dos valores límite admitidos.
- b) A transmisión de niveis de vibracións, correspondentes a dúas curvas base, inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación, pola Lei 7/97.
- c) A vulneración expresa dos requirimentos municipais para a corrección das deficiencias observadas.
- d) A negativa ou obstrución á labor inspectora. Considérase, en todo caso, como resistencia á actuación inspectora, o impedirilles ós funcionarios competentes a entrada nos recintos e locais onde deban realizarse as inspeccións, sempre e cando a Administración actuante observase os requisitos formais establecidos nesta Ordenanza.
- e) A reincidencia en faltas leves no prazo de doce meses.
- f) A iniciación de actividades ou a apertura de establecementos e instalacións susceptibles de produciren ruídos ou vibracións sen obte-la previa licencia municipal.
- g) A transgresión ou o incumprimento das condicións impostas na licencia, así como a non adopción, dentro do prazo concedido, das medidas correctoras sinaladas polo órgano competente. Neste último suposto, os suxeitos responsables poderán evita-la imposición da sanción se proceden voluntariamente á paralización ou non iniciación da actividade.

Artigo 33º.- Faltas moi graves.

Constitúe falta moi grave.

- a) A superación en máis de 15 dB (A), dos valores límite admitidos.
- b) A transmisión de niveis de vibración correspondentes a máis de dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación pola Lei 7/97.
- c) A reincidencia en faltas graves, no prazo de 12 meses.
- d) O incumprimento das ordes de clausura dos establecementos, ou de paralización da actividade, acordadas polas autoridades competentes.

Artigo 34º.- Sancións.

1.- As infraccións ós preceptos desta Ordenanza, sancionaranse do seguinte xeito:

- a) As infraccións leves, con multa dende 10.000 ata 250.000 ptas.
- b) As infraccións graves, con multa de 250.001 ata 1.500.000 ptas., clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a 6 meses.
- c) As infraccións moi graves, con multa de 1.500.001 ata 10.000.000 ptas., clausura do establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a 6 meses ou con carácter definitivo.

2.- Sempre que a comisión de infracción se producise por primeira vez, e a corrección da emisión do ruído que orixinou a sanción se fixese nun prazo de corenta e oito horas, reducíndoa ó nivel autorizado, a sanción impoñerase no seu grao mínimo. En todo caso o prazo computarase a partir da comprobación da comisión da infracción.

3.- A sanción de clausura temporal ou definitiva poderá impoñerse naquelas infraccións nas que se aprecie reiterada resistencia ó incumprimento do ordenado pola Alcaldía ou manifesta actitude do titular da instalación no sentido de dificultar, falsear, ou desvirtua-lo resultado da inspección.

Artigo 35.- Indemnización de danos.

Na resolución que poña fin ó procedemento sancionador, poderá acordarse, á parte da imposición da sanción correspondente, a adopción de medidas correctoras así como a indemnización dos danos e perdas ocasionados como consecuencia da actividade infractora. Para a execución dos ditos actos, se o infractor non os cumpre voluntariamente no prazo que se lle sinale, poderán impoñérselle multas coercitivas sucesivas de ata 500.000 ptas., cada unha. Igualmente poderá ordenarse a execución subsidiaria nos termos previstos no artigo 98 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 36°.- Solución de conflitos.

O Concello poderá crear órganos de medición para a solución dos conflitos que se deriven da contaminación acústica, nos que tamén participarán os veciños.

Artigo 37°.- Prescripción.

As infraccións ás que se refire esta Ordenanza prescribirán nos seguintes prazos, dende a comisión de feito:

- a) Seis meses, no caso de infraccións leves.
- b) Dous anos, no caso de infraccións graves.
- c) Catro anos, no caso de infraccións moi graves.

Artigo 38°.- Medidas cautelares.

Con independencia das demais medidas que se adopten para garantir a eficacia da Resolución que no seu momento se dicte, con carácter cautelar o Concello poderá acorda-la inmediateza adopción de medidas correctoras imprescindibles para evita-los danos ou as molestias graves que se estean ocasionando como consecuencia das actividades presuntamente infractoras. Igualmente, e co mesmo carácter cautelar, poderá acordarse a paralización da actividade ou a clausura das instalacións ou dos establecementos, cando a produción de ruídos ou vibracións supere os niveis establecidos para a súa tipificación como falta moi grave, ou ben cando, acordada a adopción de medidas correctoras, o requirimento municipal resultase incumplido no prazo que a tal efecto se sinale. Tamén poderá acordarse o precintado de equipos, así como calquera outra medida que se considere imprescindible, para evitar a persistencia na actuación infractora. As ditas medidas adoptaranse logo de audiencia do interesado, por un prazo de cinco días, agás naqueles casos que esixan unha actuación inmediata.

Artigo 39°.- A aplicación das sancións establecidas nesta Ordenanza non inclúe os casos de desobediencia ou resistencia á Autoridade Municipal, ou ós seus Axentes, polo que se poderá pasar, caso de producirse, o tanto de culpa ós Tribunais de Xustiza.

Disposición adicional.- A presente Ordenanza entrará en vigor a partir da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo previsto polo artigo 65.2) da L.R.B.R.L.

Disposición Transitoria Primeira.- As actividades que dispoñan da licenza municipal á entrada en vigor da presente Ordenanza, esixiráselles o cumprimento dos límites sonoros e de vibracións establecidos, coa advertencia de que, de non dar estricto cumprimento, procederase á estricta aplicación do procedemento sancionador previsto no artigo 30 e seguintes desta Ordenanza.

Disposición Transitoria Segunda.- En tanto o Concello non dispoña dos aparellos descritos no artigo 7° desta Ordenanza, emplearanse nas medicións que se leven a cabo o aparello do que se dispón na actualidade, ó que se lle concede validez nas comprobacións que se efectúen. No prazo dous anos, a contar dende a entrada en vigor da presente Ordenanza, o Concello deberá adquirir o aparello homologado descrito no citado artigo.

Disposición Transitoria Terceira.- As actividades ou establecementos que dispoñan da correspondente licencia municipal á entrada en vigor da presente ordenanza, podera aplicarselles ó establecido no artigo 5º, párrafo 4º en canto á instalación ou colocación de aparellos de control permanente da emisión fónica, no suposto de que, nun período de dous anos, se comprobe polo Concello a comisión de tres faltas leves ou dous graves, conforme o definido no Título VI artigos 30 e seguintes.